

Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2026 pola que se convocan as bases reguladoras das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña no marco do proxecto EMERGE e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26

PREÁMBULO.....	3
CAPÍTULO I. Disposicións xerais.....	3
Artigo 1. Obxecto.....	3
Artigo 2. Duración e número máximo de estadias.....	3
Artigo 3. Financiamento	4
Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes	4
Artigo 5. Centros de destino	4
CAPÍTULO II. Procedemento de solicitude e selección	4
Artigo 6. Presentación de solicitudes e prazos.....	4
Artigo 7. Documentación	5
Artigo 8. Criterios de selección.....	5
Artigo 9. Comisión de selección	5
Artigo 10. Adxudicación.....	6
CAPÍTULO III. Aceptación, pagamento e reembolso das bolsas	6
Artigo 11. Aceptación das bolsas	6
Artigo 12. Pagamento das bolsas.....	7
Artigo 13. Reembolso das bolsas.....	7
CAPÍTULO IV. Finalidade e contía das bolsas.....	7
Artigo 14. Finalidade	7
Artigo 15. Contía das bolsas	7
CAPÍTULO V. Obrigas das persoas beneficiarias	7
Artigo 16. Obrigas antes da mobilidade	7
Artigo 17. Obrigas durante a mobilidade	8
Artigo 18. Obrigas tras a finalización da mobilidade.....	8

CAPÍTULO VI. Incumplimentos.....	8
Artigo 19. Incumplimentos.....	8
CAPÍTULO VII. Protección de datos	9
Artigo 20. Protección de datos	9
Disposición adicional primeira. Responsabilidade.....	9
Disposición adicional segunda. Información	10
Disposición derradeira primeira. Habilitación	10
Disposición derradeira segunda. Recursos.....	10
Disposición derradeira terceira. Publicación e entrada en vigor.....	10
ANEXOS	10
Anexo I. Certificado de estadía	11
Anexo II. Informe final de experiencia	12

PREÁMBULO

A alianza EMERGE (Empowering the Margins of Europe through Regional and Global Engagement) reúne nove universidades europeas comprometidas con serviren mellor aos nosos territorios e comunidades, mediante a construción dunha rede de socios iguais, profundamente arraigados nas nosas rexións e capaces de propoñer modelos alternativos de desenvolvemento e representación na sociedade.

No marco desta alianza, a Universidade da Coruña (UDC) establece a convocatoria de axudas de mobilidade «Third Places Research» para o curso 2025/26. Estas axudas están deseñadas para cumprir a misión de participación social e territorial que caracteriza á alianza EMERGE. As axudas «Third Places Research» permiten que persoal investigador sénior de calquera universidade EMERGE interactúe con persoal investigador e comunidades locais, e participe en actividades de investigación con novas comunidades ou formatos de investigación participativa, denominados «Third Places»: centros de investigación, laboratorios, plataformas tecnolóxicas, *innocampus*, *fablabs*, *living labs*, espazos de *coworking* etc.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto financiar a realización de estadías de investigación de persoal investigador da UDC con recoñecida experiencia investigadora en institucións de investigación pertencentes aos territorios e comunidades das institucións socias de EMERGE.

Artigo 2. Duración e número máximo de estadías

1. As estadías con mobilidade física terán unha duración mínima de 25 días e unha máxima de 35, sen incluír os días de viaxe. As mobilidades deberán realizarse entre o 15/04/2026 e o 31/12/2026.
2. Financiarase ata un máximo de seis estadías. O financiamento da estadía estará condicionada á aceptación da persoa solicitante na institución de destino.
3. Por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as estadías poderán dividirse en dous períodos de mobilidade, sempre que cada un destes períodos teña unha duración mínima de 10 días laborais, sen incluír os días de viaxe.

Artigo 3. Financiamento

1. Este programa de mobilidade financiarase con fondos da Xunta de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 0599230178-541A-64000 por un importe de 18.000 euros (3.000 euros por axuda).
2. Esta contía poderá incrementarse en caso de haber dispoñibilidade ou incorporación orzamentaria.

Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes

1. Poderán solicitar estas axudas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Percibir as retribucións con cargo aos capítulos I ou VI dos orzamentos da UDC.
 - b) Ter acadado o título de doutor/a.
 - c) Estar en activo durante o período da estadía.
 - d) Contar cun compromiso de acollida do grupo de investigación, institución ou *third place* de destino, incluído na listaxe de [EMERGE Third Places](#).
2. Os requisitos recollidos no punto anterior terán que cumprirse tanto no momento de solicitar a mobilidade como no momento da realización da estadía na institución de destino.

Será responsabilidade da persoa solicitante informar de calquera modificación na súa relación laboral coa Universidade antes do inicio da mobilidade.

Artigo 5. Centros de destino

1. Os centros de destino deberán ser grupos de investigación, institucións ou *Third Places* recollidos na seguinte listaxe [EMERGE Third Places](#).
2. Os destinos dispoñibles actualízanse de forma continua e poden consultarse nesta ligazón [EMERGE Third Places](#).
3. Os centros de destino asignarán un responsable a cada persoa beneficiaria da axuda, que acompañe os labores de transferencia do/a investigador/a no *Third Place*.

CAPÍTULO II. Procedemento de solicitude e selección

Artigo 6. Presentación de solicitudes e prazos

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da Sede Electrónica da UDC, dirixidas á Oficina de Relación Internacionais.

2. Esta convocatoria permanecerá aberta, para a presentación de solicitudes, desde o día seguinte a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC ata as 23:59h (CET) do 31/03/2026.

Artigo 7. Documentación

1. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:
 - a) Datos de contacto e CV abreviado (máximo de dúas páxinas), numerando cada mérito, en formato libre.
 - b) Documento de evidencia dos méritos presentados. Deberase presentar evidencia suficiente de cada mérito, nun ficheiro separado, numerando cada mérito en correspondencia coa numeración do CV. Deberá incluírse evidencia de ter acadado o título de doutor/a.
 - c) Resumo da investigación que se vai desenvolver na institución de acollida e datas previstas de mobilidade (máximo de dúas páxinas).
 - d) Documento da institución ou *Third Place* de acollida en que se reflecta o compromiso a acoller o investigador/a, coa indicación do período en que se desenvolverá a estadía.

Artigo 8. Criterios de selección

1. A comisión de selección avaliará as solicitudes atendendo ao cumprimento dos seguintes criterios:
 - a) Méritos académicos e científicos da persoa solicitante, e coñecemento acreditado de inglés ou da lingua do destino.
 - b) Calidade, viabilidade e coherencia da proposta de investigación presentada.
 - c) Adecuación da proposta aos obxectivos das axudas «Third Places Research» expresados neste documento.
 - d) Aliñación cos [valores e principios da alianza EMERGE](#) e cos obxectivos do WP6.
 - e) Vinculación do investigador/a cun grupo EMERGE que teña ligazóns coa industria, ou coa iniciativa dos *EMERGE Industrial Doctorates*.
2. No caso de que haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles, darase prioridade ás persoas solicitantes que se comprometan a realizar unha estadía de maior duración.

Artigo 9. Comisión de selección

A comisión encargada de seleccionar e distribuír as bolsas estará formada polas seguintes persoas:

- Jerónimo Puertas Agudo, vicerreitor de Investigación e Transferencia, ou a persoa en que delegue.
- Moisés Canle López, vicerreitor de Titulacións e Internacionalización, ou a persoa en que delegue.
- Pablo Rodríguez-Vellando, responsable do WP6 da alianza EMERGE.
- Marceliano Rodríguez Rodríguez, coordinador local da alianza EMERGE na UDC.

Artigo 10. Adxudicación

1. A comisión de selección elaborará unha proposta de adxudicación provisional que será publicada na seguinte [ligazón](#) e comunicada ao correo electrónico institucional das persoas adxudicatarias o 10 de abril de 2026. Contra esta proposta abrirase un prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar ao día seguinte da súa publicación, para presentar alegacións ou emendar as solicitudes, a través do [Rexistro Electrónico da UDC](#) (dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais).

2. Unha vez que a comisión de selección resolva as alegacións, a persoa titular da vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia ditará e publicará a resolución de adxudicación definitiva na seguinte [ligazón](#).

Contra esta resolución, que porá fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA). Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso potestativo de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

CAPÍTULO III. Aceptación, pagamento e reembolso das bolsas

Artigo 11. Aceptación das bolsas

Tras recibir a notificación de concesión da axuda por correo electrónico, as persoas candidatas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia no prazo de cinco días naturais, dando resposta ao correo electrónico de concesión que recibirán na súa conta de correo institucional.

Artigo 12. Pagamento das bolsas

1. Unha vez formalizada a aceptación da mobilidade, e antes do seu inicio, as persoas beneficiarias deberán asinar un convenio financeiro coa UDC, que será remitido pola oficina EMERGE por correo electrónico.
2. O pagamento da totalidade da bolsa concedida realizarase por transferencia bancaria nun prazo máximo de 30 días desde a sinatura de convenio financeiro.

Artigo 13. Reembolso das bolsas

1. Deberase reintegrar total ou parcialmente o importe recibido nos seguintes casos:
 - a) Se a persoa beneficiaria deixa de percibir as retribucións con cargo aos capítulos I ou VI dos orzamentos da UDC.
 - b) Se non se cumpre, total ou parcialmente, coa mobilidade ou coas obrigas previstas nesta convocatoria.

CAPÍTULO IV. Finalidade e contía das bolsas

Artigo 14. Finalidade

1. As bolsas teñen como obxectivo contribuír a cubrir parte dos custos da viaxe, aloxamento e mantemento durante a mobilidade.
2. Ao rematar a súa estadía, as persoas beneficiarias recibirán unha certificación de ser beneficiario dunha axuda «Third Places Research».

Artigo 15. Contía das bolsas

Establecese un importe de 3.000 euros por cada unha das seis bolsas convocadas ao abeiro desta convocatoria.

CAPÍTULO V. Obrigas das persoas beneficiarias

Artigo 16. Obrigas antes da mobilidade

As persoas beneficiarias dunha praza de mobilidade deberán, antes do inicio da estadía, cumprir as seguintes obrigas:

- a) Entregar unha copia do seguro médico contratado ou da tarxeta sanitaria europea, válida e con cobertura suficiente durante o período de mobilidade.
- b) Asinar o convenio financeiro remitido pola oficina EMERGE.
- c) No caso de renuncia ou modificación das datas da mobilidade, comunicar esta circunstancia á oficina de EMERGE antes do inicio da estadía.

- d) Realizar calquera outro trámite requirido pola UDC, os seus departamentos e facultades, ou pola institución de destino.

Artigo 17. Obrigas durante a mobilidade

Durante o desenvolvemento da estadía, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a comunicar de forma inmediata á oficina EMERGE calquera situación de forza maior que puidese afectar ao desenvolvemento da estadía.

Artigo 18. Obrigas tras a finalización da mobilidade

1. No prazo máximo de 10 días naturais desde a finalización da estadía, a persoa beneficiaria deberá remitir por correo electrónico ao enderezo administration.emerge@udc.gal a seguinte documentación:

- a) A xustificación orixinal do desprazamento, que poderá incluír: tarxetas de embarque, billetes de tren, recibos de autoestrada, xustificantes de subministración de combustible ou electricidade, quilometraxe etc., ou unha declaración responsable de como realizou os desprazamentos, xunto coa xustificación dos medios de transporte utilizados ata a cidade de destino.
- b) A certificación orixinal de estadía, asinada pola entidade ou institución de acollida, segundo o modelo do anexo I. Este documento deberá indicar con precisión as datas e os días efectivos de estadía.
- c) Un informe final da experiencia seguindo o modelo do anexo II, redactado integramente en lingua inglesa.
- d) Unha declaración responsable na que se comprometa a incluír á alianza EMERGE e á Xunta de Galicia nos agradecementos das publicacións e comunicacións derivadas da estadía, así como de difundir a súa estancia e a axuda da alianza EMERGE e da Xunta de Galicia nas súas redes sociais.

CAPÍTULO VI. Incumprimentos

Artigo 19. Incumprimentos

O incumprimento por parte da persoa beneficiaria de calquera das obrigas establecidas nestas bases reguladoras poderá supoñer:

- a) A perda do dereito á axuda concedida, total ou parcialmente.
- b) A obrigatoriedade de reembolso das cantidades xa percibidas, segundo o disposto no artigo 13.
- c) A exclusión da persoa beneficiaria en futuras convocatorias da alianza EMERGE.

CAPÍTULO VII. Protección de datos

Artigo 20. Protección de datos

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados ao concorrer a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, con estes datos de contacto: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, tel.: 881 011 161, correo: rpd@udc.gal.

2. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión da convocatoria. Todas as persoas que entren en contacto con eles coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade que establece o artigo 5 da LOPD. Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa dita finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

3. A persoa interesada consente expresamente o dito tratamento para os efectos de cumprir coa finalidade descrita. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, agás que o tratamento dos datos estea xustificado con algunha das outras bases de lexitimación recollidas no artigo 6 do RXPD.

Así mesmo, terá dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao dito tratamento, así como a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderanse exercer a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais dispoñible na Sede Electrónica da UDC (apartado “Outros trámites”) ou mediante solicitude remitida ben á Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña (por correo postal ou a través dos rexistros da UDC); ou ben ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia “Protección de datos”. Así mesmo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición adicional primeira. Responsabilidade

A UDC non se fará responsable dos gastos en que puidese incurrir a persoa beneficiaria antes da mobilidade, sen ter sido rexistrada e aceptada oficialmente pola institución de destino.

Disposición adicional segunda. Información

As persoas interesadas poderán obter máis información sobre esta convocatoria aquí:

Oficina de EMERGE. Casa do Estudantado, Campus de Elviña.

administration.emerge@udc.gal

Disposición derradeira primeira. Habilitación

Habilítase á comisión de selección para interpretar e resolver as dúbidas que puideren xurdir na aplicación desta convocatoria.

Disposición derradeira segunda. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición ante o/a reitor/a da UDC no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP; ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da LXCA.

Disposición derradeira terceira. Publicación e entrada en vigor

Esta resolución reitoral entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Investigación e Transferencia

ANEXOS

Anexo I. Certificado de estadía

Anexo II. Informe final da experiencia

Anexo I. Certificado de estadia

Name of the host institution:

It is hereby certified that

Mr. / Ms.

(student's name)

from the UNIVERSITY OF A CORUÑA
(name of the home institution)

has participated in a physical research visit under the EMERGE 'Third Places
Research' mobilities initiative

in the department of

from _____ to _____
(day) (month)(year) (day) (month)(year)
(Stay start date) (in person at host) (Stay end date) (in person at host)

Date* : _____

(Stamp and Signature)

Name of the signatory:

Title:

To be returned to:
Universidad de La Coruña
EMERGE Office
Casa do Estudantado - Campus de Elviña - E-15071 A Coruña
administration.emerge@udc.gal

Deadline: at the end of the mobility period

*** Date cannot be prior to the date of the end of the mobility period**

Definitions:

(In person) Face to Face mobility: the participant **travels and resides in the host country** for the entire planned period of the mobility granted and follows the activity at the host institution in a **face-to-face or blended learning** / teaching format

Interruption of academic activities during in person mobility period: Interruption of the physical mobility in the middle of the planned In person mobility period for any justified reason other than the official holiday period stated in the academic calendar of the host university.

Anexo II. Informe final de experiencia

<p>Overall objectives of the mobility:</p>
<p>Added value of the mobility and overall satisfaction:</p>
<p>Activities carried out:</p>
<p>Outcomes and impact (e.g. on the professional development of the staff member and on both institutions):</p>